

## Debes protexerte e protexer ós demais. Como?

- ❖ Usa o teléfono fixo, sempre que sexa posible.
- ❖ Non uses o móbil en lugares cerrados nin en medios de transporte. Nunca fales por el cando estea cargando.
- ❖ Un móbil prendido nunca deixa de emitir, aínda en espera: lévao sempre o máis lonxe posible de órganos vitais ou reprodutivos.
- ❖ Desaconsella o uso de móbiles a nenos menores de 15 anos, persoas maiores, embarazadas ou enfermas.
- ❖ Mantén a distancia de seguridade de 1.7 metros para non irradiar ós demais cando uses o móbil.
- ❖ Evita o uso do Wi-Fi, desconectando a opción Wi-Fi do teu portátil, substituíndoo por cable ou fibra óptica. Pídelle ós veciños que, se non poden substituílo, o apaguen sempre de noite.
- ❖ Desinstala o teléfono inalámbrico e pide ós veciños que tamén o fagan. As ondas dos routers, teléfonos inalámbricos tipo DEC, vixía-bebés,... atravesan as paredes e prexudican ós demais. Pensa que no teu entorno pode haber nenos, enfermos, embarazadas... a eles aínda lles fai máis dano.
- ❖ Non poñas aparellos inalámbricos na cabeceira da cama.
- ❖ **Lembra: usa as novas tecnoloxías, pero faino aplicando o principio de precaución (Lei de saúde pública española de outubro do 2011)**

## Queres facer algo máis?

- ❖ Esixe ás autoridades que retiren o Wi-Fi de espazos públicos cerrados: hospitais, bibliotecas...E, sobre todo, **dos centros de ensino.**
- ❖ Únete á campaña “**escola saudábel, Internet só con cable**” (<http://www.apdr.info/escolasenwifi.htm>) que dende 2010 pide ó goberno que retire o Wi-Fi das escolas. O proxecto Escola 2.0 (en Galicia, Abalar) emprega Wi-Fi como sistema de acceso a Internet. Está emitindo ondas aínda que non se úse e ten tres antenas de emisión incorporadas.
- ❖ Apoia as iniciativas que se fagan na túa cidade para reducir a emisión de ondas electromagnéticas.
- ❖ Escribe e-mails ou cartas ás autoridades sanitarias para que apliquen o principio de precaución e adopten medidas concretas.
- ❖ Escribe ós medios de comunicación para que difundan información sobre este problema.

### ADEGA LUGO.

Ronda das Fontiñas, 180 Ent. 27002 Lugo.  
Tfno: 982240299.  
Enderezo electrónico: [adegalugo@adega.info](mailto:adegalugo@adega.info)

### FEDERACIÓN DE ANPAS DE LUGO

Virxe da Soidade, s/n, 27002 Lugo.  
Tel: 609 983 876 / 672 469 089  
Enderezo electrónico: [fapacel@hotmail.com](mailto:fapacel@hotmail.com)



## MÓBILES



WIFI

DECT

BLUETOOTH



COMO PROTEXER A NOSA  
SAÚDE CONTRA AS  
RADIACIÓNS DESTES  
APARELLOS?

# REM: Radiacións electromagnéticas. Sabías que...

## Hai resolucións de diferentes organismos que advirten do perigo das REM?

- ❖ A IARC (axencia da OMS para a investigación do cancro) clasificou as radiacións electromagnéticas de radiofrecuencias como posibles canceríxenas para o ser humano (resolución do 31 de maio do 2011).
- ❖ A Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa (Resolución 1850) sinala a necesidade de protexer, **especialmente ós nenos e nenas** (os seus órganos en formación son máis sensibles ós seus efectos) da exposición a campos electromagnéticos e recomenda ós gobernos adoptar medidas para reducir a exposición aplicando o principio de precaución que impliquen exposicións por debaixo de 0,2 V/m.
- ❖ A base científica que levou ó Consello de Europa a adoptar esa decisión foron estudos concluíntes como o Bioinitiative

**O Wi-Fi, o teléfono móbil, o Wi-Max, o Bluetooth ou o teléfono inalámbrico producen campos electromagnéticos de alta frecuencia, que son un serio perigo para a nosa saúde**

**Eses dispositivos nunca deixan de emitir ondas, aínda que non os usemos? Só o fan cando os apagamos.**

**As ondas atravesan calquera obstáculo, de modo que os nosos dispositivos non só nos prexudican a nós, senón tamén ós que están ao noso redor**

## Os efectos destas tecnoloxías son acumulativos?

- ❖ Os efectos na saúde non son inmediatos, aparecen co tempo.
- ❖ As enfermidades relacionadas cas REM son, entre outras:
  - Cancro
  - Electrohipersensibilidade (enfermidade incapacitante)
  - Cansazo, dores de cabeza, dificultade de concentración, insomnio, depresión, alteracións fisiolóxicas...

## Noutros países e noutras comunidades xa adoptaron medidas?

- ❖ O Parlamento vasco, seguindo a Resolución 1850 do Consello de Europa, impulsou a realización de campañas contra o uso do móbil por nenos e nenas.
- ❖ 16 cidades francesas baixaron os niveis de emisión das antenas para móbiles 4500 veces por debaixo dos permitidos no Estado Español.
- ❖ En Francia está prohibido o uso de teléfonos móbiles nos colexios.
- ❖ En países da nosa contorna (Alemaña, Francia, Inglaterra, Suíza, Canadá, ... ) xa contamos con exemplos de defensa do principio de precaución coa retirada do Wi-Fi en colexios, universidades, bibliotecas e cidades.
- ❖ Suíza advirte oficialmente do perigo das ondas electromagnéticas e promove a substitución da conexión Wi-fi por cable nas escolas de xeito gratuíto.

## A nosa lei (2001) non nos protexe?

- ❖ A lei que regula a emisión de campos electromagnéticos en España é do 2001. Non recolle os últimos avances técnicos (Wi-fi e outros) ou científicos (Bioinitiative, por exemplo), nin as últimas recomendacións do consello de Europa (2011).
- ❖ A actual lei sitúa os niveis máximos de radiación de **4.500 a 10.000** veces por enriba dos límites que a ciencia independente e organismos internacionais, como a Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, considera segura.